

# As revolucións liberais do século XVIII.

## 1. A Revolución americana

### 1.1. As orixes da independencia

- Os primeiros colonos ingleses chegaron á **costa leste de América do Norte (Nova Inglaterra)** a comezos do século XVII, e a metade do século XVIII formaron as chamadas **Trece Colonias**.
- O Reino Unido quería **dispoñer das materias primas americanas**, pero **non** tiña interese en desenvolver a **industria colonial**.
  - Reservábase o **monopolio comercial**, o que **dificultaba o comercio** cas outras zonas de América.
- A **orixe do problema** tivo unha **base económica**, pois as colonias vían na metrópole unha barreira para o seu desenvolvemento.
- A **tensión política** agravou a situación.
  - Aínda que as Trece Colonias **estaban baixo a autoridade do rei** de Inglaterra, dispoñían de **bastante autonomía**. Existían **assembleas con importantes atribucións**, como recadar parte dos impostos.
  - Pero rara vez pagaban impostos, alegando que **non estaban representados no Parlamento británico**, a institución en que se aprobaban.
- En 1773, o Parlamento británico estableceu as **Tea Acts**, que deron o monopolio da venda de té nas colonias á Compañía Inglesa das Indias Orientais.
  - Os americanos **responderon co chamado “Motín do té” atacando barcos británicos** cargados de té no porto de Boston.
  - Este foi o comezo da guerra da Independencia.
- En 1776, **Thomas Jefferson** redactou a **Declaración dos Dereitos de Virxinia**
  - Nela enunciaban os principios de **soberanía nacional, división de poderes e sufraxio**, o que **convertía esta guerra da independencia nunha revolución liberal**.
- Finalmente, o **4 de xullo de 1776**, os representantes das Trece Colonias, reunidos en Filadelfia, asinaron a **Declaración de Independencia de EEUU**.



#### TEXTOS HISTÓRICOS FUNDAMENTAIS

##### A Declaración de Independencia

Sostemos [...] que todos os homes son creados iguais; que son dotados polo seu Creador de certos dereitos inalienables: [...] a vida, a liberdade e a busca da felicidade; que para garantir estes dereitos se institúen entre os homes os Gobiernos, [...] que cando [...] unha forma de goberno se faga destrutiva destes principios, o pobo ten o dereito a reformala ou abolila [...].

A historia do actual rei da Gran Bretaña é unha historia de repetidos agravios [...]. Polo tanto, os representantes dos Estados Unidos de América [...] declaramos: que estas colonias unidas son, e deben selo por dereito, estados libres e independentes; que quedan libres de toda lealdade á Coroa Británica [...].

4 de xullo de 1776

### 1.2. A guerra da Independencia (1775-1783)

- A guerra foi longa (1775-1783) e os colonos, liderados por **George Washington**, foron **apoiados por Francia e España**.
- Tras varias vitorias dos colonos a contenda finalizou coa **Paz de Versalles (1783)**, en que o Reino Unido recoñeceu a independencia de Estados Unidos.
- En 1787 aprobouse a **Constitución de Estados Unidos, a primeira da historia**.
  - Nela recoñecíanse a **soberanía nacional e a separación de poderes**.
    - O **poder lexislativo** residía en dúas cámaras (Cámara de Representantes e Senado), elixidas por sufraxio universal masculino (só poboación branca).
    - o **executivo**, nun presidente, elixido por votación indirecta.
    - o **xudicial**, en xuíces independentes.
- En 1789, **George Washington** converteuse no **primeiro presidente estadounidense**.

#### 3. A REVOLUCIÓN AMERICANA



## 2. A Revolución francesa.

### 2.1 O comezo da Revolución francesa.

#### a. As orixes da Revolución

- A finais do século XVIII, en Francia produciuse unha **revolución que puxo fin ao Antigo Réxime**. As súas **causas** foron as seguintes:
  - **Descontento social.**
    - A burguesía enriquecida aspiraba a acceder ao poder político; por outra
    - Os campesiños apenas sobrevivían debido a uns impostos que só pagaban eles.
  - **Crise económica.**
    - Desde 1760 as malas colleitas provocaron o aumento dos prezos e o descontento dos popular.
    - A isto sumouse a **crise da Facenda Real**, por:
      - os elevados gastos estatais (luxo da corte e participación na guerra da Independencia americana)
      - que os privilexiados non pagaban impostos.
  - **As ideas ilustradas.** Luís XVI perdeu apoios
    - entre os grupos populares porque as reformas non prosperaban.
    - tamén entre os privilexiados, que vían con receo o avance da Ilustración.

En 1787 o rei convocou unha **assemblea de notables** para convencer os **privilexiados de que pagasen impostos**.

Estes negáronse e esixiron a **convocatoria dos Estados Xerais**, a única assemblea que podía autorizar novos tributos.

#### b. Os Estados xerais e a Asemblea Nacional (1789)

- En maio de 1789 os Estados Xerais reuníronse en Versalles.
- Cada estamento redactou os seus **cadernos de queixas**, coas súas reivindicacións.
  - A **nobreza e o clero** pretendían **votar por estamento**, o que daría a maioría aos privilexiados.
  - O **terceiro estado** desexaba, en cambio, o **voto por persoa**, que lles outorgaría a **maioría**.
- En **xuño**, os representantes do terceiro estado pasaron a denominarse **Asemblea Nacional** ao considerarse os **únicos con lexitimidade** para representar a Francia. (**Asumen soberanía nacional**)
  - Despois, na sala do **Xogo de Pelota** xuraron permanecer unidos ata dar a Francia unha Constitución e a Asemblea pasou a chamarse **Asemblea Constituínte**.

#### TEXTOS HISTÓRICOS FUNDAMENTAIS

##### O terceiro estado segundo Sieyès

Formulámonos tres preguntas: 1. Que é o terceiro estado? Todo. 2. Que foi ata o presente na orde política? Nada. 3. Que pide? Chegar a ser algo.

[...] E que é o terceiro estado? Todo, pero un todo trabado e oprimido. E que sería sen a orde privilexiada? Todo, pero un todo libre e florecente.


SIEYÈS, *Que é o terceiro estado?*, 1789

#### c. A Asemblea Constituínte (1789-1791)

- O **14 de xullo de 1789** o pobo de París **asaltou a Bastilla**, unha fortaleza medieval símbolo do absolutismo.
- Nas zonas rurais os campesiños atacaron os castelos dos nobres e queimaron os títulos de propiedade dos señores. Esta revolta coñécese como “**o gran medo**”.
- O 4 de agosto, a Asemblea Constituínte **abolíu os dereitos feudais**
- Varios días máis tarde aprobou a **Declaración dos Dereitos do Home e do Cidadán**, en que se recoñecían e garantían
  - as liberdades persoais,
  - a igualdade ante a lei,
  - o dereito á propiedade.
- Ambos os decretos supuxeron o **final do absolutismo e o triunfo da revolución liberal**.

- Máis tarde, en setembro de 1791 promulgouse unha **Constitución**:
  - **Recoñecíanse a soberanía nacional e os dereitos fundamentais dos cidadáns.**
  - Tamén se definía a monarquía parlamentaria como forma de goberno.
  - Establecíase a **división de poderes**:
    - o poder lexislativo exerceríao a Asemblea;
    - o executivo, o rei.
    - o xudicial, os tribunais independentes.
  - Non obstante, o rei podía vetar as leis.
  - A Asemblea elixírase por **sufrixio censitario**, é dicir, restrinxido.
    - só podían votar os homes maiores de 25 anos e cunha determinada renda.

#### 5. A CONSTITUCIÓN FRANCESA DE 1791



#### d. A Asemblea Lexislativa (1791-1792)

- Tras a **celebración de eleccións**, en outubro de 1791 constitúese a **Asemblea Lexislativa**.
- Esta tivo que **facer fronte a diversos problemas**. Principalmente, á **oposición da nobreza e do clero**, que se resistían a perder os seus privilexios, e á do propio monarca. Moitos emigraron e empezaron a **conspirar** contra a Revolución.
- As **monarquías europeas** tamén se sentiron ameazadas pola revolución, e en abril de 1792 Austria e Prusia declararon a guerra a Francia.
- **Outros grupos**, non obstante, consideraban que as reformas eran **insuficientes** e entre os **revolucionarios radicais** destacaron os **xacobinos**, apoiados polos **sans-culottes**.
- En agosto de 1792, o **pobo de París**, que culpaba o rei das primeiras derrotas francesas, **asaltou o palacio das Tullerías**, a residencia dos reis.
  - o **monarca foi destituído pola Asemblea**.

### 2.2. A radicalización da Revolución.

#### a. A Convención xirondina (1792-1793).

- A revolta de agosto de 1792 forzou unhas **novas eleccións**.
- Delas naceu unha asemblea chamada **Convención Nacional**, que **abolíu a monarquía e proclamou a República**.
- Os grupos con máis forza na Convención eran:
  - os **xirondinos**, republicanos **moderados** que controlaron a asemblea inicialmente.
  - os **xacobinos ou montañeses**, máis **radicais**.
- A Convención **xulgou e condenou a Luís XVI** por traizón, e o 21 de xaneiro de 1793 foi **executado** na guillotina.
- Esta medida provocou
  - a **declaración de guerra do resto das potencias europeas**, que formaron a Primeira Coalición contra Francia.
  - un **levantamento realista e ultracatólico** na rexión francesa de La Vendée.
- Nesta atmosfera **radicalizouse a Revolución**.

#### TEXTOS HISTÓRICOS FUNDAMENTAIS

##### Decreto sobre sospeitosos

Artigo 1. [...] Todos os sospeitosos que se encontren no territorio da República e que estean aínda en liberdade serán postos en estado de detención.

Artigo 2. Son [...] sospeitosos:

1. Os que pola súa conduta, polas súas relacións, polos seus propósitos ou polos seus escritos se mostraron [...] inimigos da liberdade [...].

5. Os ata agora nobres [...] e os administradores de emigrados que non manifestasen constantemente a súa adhesión á revolución.

6. Os que emigraron desde o 1 de xullo de 1789 ata a publicación do decreto do 30 de marzo de 1792, aínda que volvesen a Francia [...].



17 de setembro de 1793

## b. A Convención montañesa (1793-1794)

- O temor á derrota da Revolución provocou un **golpe de Estado dos sans-culottes** contra os xirondinos en xuño de 1793.
- Os **montañeses**, dirixidos por **Robespierre**, fixéronse co poder.
- Os montañeses **aprobaron unha Constitución democrática en 1793** que recoñecía a **soberanía popular e o sufraxio universal masculino**.
- Robespierre asumiu todos os poderes e implantou unha **ditadura**.
- A **ameaza militar no exterior** e o **desexo de frear os contrarrevolucionarios no interior** serviron como pretexto para **implantar o Terror**.
  - Calquera **persoa sospeitosa de non apoiar a República** podía ser xulgada e **condenada a morte** na guillotina, incluso sen probas. Unhas **50.000 persoas foron executadas**: a raíña María Antonieta, líderes de todas as faccións políticas, nobres, clérigos,...
- Pouco a pouco, **Robespierre foi perdendo apoios**.
  - En xullo de 1794 os revolucionarios moderados detiveron a Robespierre e os seus seguidores, que **foron guillotinaados**.

6. AS FASES DA REVOLUCIÓN FRANCESA



## c. O Directorio e a fin da Revolución (1795-1799)

- Para evitar unha nova ditadura, instaurouse un **Goberno moderado**, que aprobou a **Constitución de 1795**, e onde o poder executivo era exercido por un **Directorio** integrado por **cinco membros**.
- O novo réxime tivo que facer fronte a **diferentes conspiracións**.
  - Na **Conxura dos Iguais**, Babeuf e os seus seguidores trataron de derrocar o Goberno e impoñer unha sociedade igualitaria, pero foron executados.
  - Os **realistas** pensaron que era o momento de **restaurar os Borbóns** e provocaron unha revolta, que foi **freada por Napoleón Bonaparte**, que o fixo moi popular.
- **Napoleón**, apoiado pola alta burguesía, deu un **golpe de Estado** en novembro de 1799 e **estableceu o Consulado**. O poder será exercido por **3 cónsules**: **Napoleón, Ducos e Sieyes**.



## 2.3. A Europa napoleónica

### a. O Consulado.

- O Consulado era un **réxime personalista**. Napoleón **acaparou todo o poder** e isto reflectiuse na **Constitución**, na cal non había **división de poderes**. En 1799 foi nomeado **primeiro cónsul** e en 1802 proclamouse **cónsul vitalicio**.


### b. O Imperio napoleónico.

- En 1804 Napoleón **proclamouse emperador**, desenvolveu unha **política expansionista** e mantivo **continuas guerras** contra outros países.
- Aínda que foi **derrotado** polos británicos en **Trafalgar** (1805), en poucos anos **logrou a hexemonía** no continente tras vitorias como Austerlitz (1805, fronte aos austríacos) ou Jena (1806, fronte aos prusianos).
- Estableceu o **bloqueo continental** para evitar o comercio británico con Europa. Portugal

non o aceptou e Napoleón decidiu invadilo e aproveitou o seu paso para **ocupar España**, o que deu lugar a **guerra da Independencia en 1808**.

- A situación complicouse cando Rusia comezou a comerciar co Reino Unido.
  - En 1812, **Napoleón intentou invadir Rusia**, pero foi derrotado.
  - En 1813 foi vencido por unha coalición (Reino Unido, Prusia, Rusia e Austria) na batalla de Leipzig.
  - Ese mesmo ano foi **derrotado tamén en España**.
- Os aliados chegaron ata París.
  - Napoleón **abdicou** o 6 de abril de 1814 e marchou ao **exilio na illa de Elba**.
  - **Retornou** ao poder durante **cen días**, pero foi **derrotado definitivamente en Waterloo** (1815) e **deportado a illa de Santa Helena**.

#### 9. O CONSULADO E O IMPERIO DE NAPOLEÓN



### 3. A independencia das colonias hispanoamericanas

#### 3.1. As causas dos movementos independentistas

- A **comezos do século XIX**, unha serie de factores favoreceron o **xurdimento de movementos independentista** nas colonias americanas: Os españois e os crioulos constituían a **elite da América española**.
  - A **minoría crioula** era o grupo economicamente máis poderoso, pero estaba **descontenta** porque os españois dirixían a política e a recadación de impostos controlaban o comercio.
  - As ideas do **liberalismo** e o **nacionalismo** que se difundiron polo continente foron a base ideolóxica do movemento emancipador. As que se sumaron os exemplos da independencia de EEUU e a Revolución francesa.
  - Os **intereses do Reino Unido**, que desexaba a independencia das colonias españolas para poderen comerciar libremente con elas.

### 3.2. As fases da independencia

- No proceso de independencia pódense distinguir varias fases:
  - De 1808 a 1815.**
    - Tras o baleiro de poder creado en España durante a guerra da Independencia, en 1810 organizáronse **Xuntas** en varios territorios americanos que proclamaron a súa independencia. Trataron de establecer **relacións diplomáticas co Reino Unido** e incluso promulgaron **Constitucións**.
    - O **regreso de Fernando VII** ao trono en 1814 supuxo a restauración do poder español en América. España **recuperou os territorios** que perdera, salvo Río de la Plata.
  - De 1816 a 1824.**
    - O movemento comezou en **Arxentina** baixo o liderado do xeneral **San Martín**, que proclamou a independencia deste territorio en 1816. Despois, derrotou os exércitos realistas en Chacabuco e Maipú, o que orixinou a independencia de **Chile** (1818).
    - No norte, **Simón Bolívar** conseguiu a independencia de Colombia (1819). Creou a **República da Gran Colombia**, formada polas actuais Colombia, Panamá, Venezuela e Ecuador, que concibiu como xerme dos futuros Estados Unidos de Sudamérica.
    - Bolívar e San Martín atacaron **Perú** desde o norte e o sur, respectivamente, e lograron a súa independencia en 1824.
    - México** obtivo a independencia en 1821 da man do xeneral conservador **Agustín de Iturbide**.
    - Bolivia** independizouse en 1825 e **Uruguai** en 1828.

10. INDEPENDENCIA DAS COLONIAS AMERICANAS



## A restauración absolutista e as ondas revolucionarias de 1820, 30 e 48.

### 4. A Restauración.

#### 4.1. A volta ao Antigo Réxime

- Tras a **derrota de Napoleón**, iniciouse en Europa unha época de reacción denominada **Restauración** caracterizada por:
  - Lexitimismo monárquico.** Considerouse que a paz só era posible cun monarca lexítimo á fronte dos Estados. Os **monarcas do Antigo Réxime** volveron ao poder como se a Revolución francesa nunca sucedese.
  - Responsabilidade internacional.** Estableceuse que as **grandes potencias poderían intervir** noutro país se unha **monarquía lexítima** estaba ameazada.
  - Sistema de congresos.** Organizáronse reunións das grandes potencias para **resolver os problemas internacionais**.

#### 4.2. O Congreso de Viena (1814-1815)

- As **principais potencias** europeas reuníronse no Congreso de Viena, presidido por **Metternich**, para garantir unha paz duradeira e evitar novas revolucións.
- No Congreso **remodelouse o mapa de Europa**:
  - Francia volveu ás **fronteiras anteriores** á Revolución.
  - Creáronse **Estados-tapón** arredor de Francia:
    - Holanda** adquiriu Bélxica.
    - Piemonte** recibiu Saboia e Xénova.
  - Rusia, Austria e Prusia** repartíronse territorios de maneira equilibrada.
  - Pero este Congreso creou **novos problemas**, como as **falsas unións de Noruega e Suecia**, e non resolveu o dos **nacionalismos de Polonia, Italia ou Alemaña**.



12. EUROPA DESPOIS DO CONGRESO DE VIENA (1815)

#### 4.3. As alianzas internacionais contra a Revolución

- As potencias europeas trataron de **consolidar a Restauración** mediante unha serie de **alianzas**. Estas deron lugar á **formación de dous bloques** diferentes:
- A **Santa Alianza**, integrada por **Prusia, Rusia e Austria**.
  - Tiña un fin diferente ás alianzas estratéxicas que xurdiron do Congreso de Viena.
  - De **carácter antiliberal**,
    - recoñecía a **orixe divina do poder dos reis**.
    - os seus membros comprometíanse a **intervir** onde fose necesario para **defender o absolutismo** e sufocar calquera movemento revolucionario.
- A **Cuádrupla Alianza**, formada polo **Reino Unido, Austria, Prusia e Rusia**.
- En **1818 incorporouse Francia**, converténdose así na **Quíntupla Alianza**.
  - Tiña un **carácter militar** e os países que a asinaron comprometéronse a
    - manter no trono de Francia a **Luís XVIII**.
    - defender a **orde creada** no Congreso de Viena.

## 5. Novas ondas revolucionarias.

### 5.1. Fundamentos das revolucións

- Os **intentos da Restauración** de volver ao Antigo Réxime **non tiveron éxito**.
- Nalgúns lugares **xurdiron revolucións espontáneas** en que influíron **dous factores**:
  - A **afirmación dos sentimentos nacionais**.
    - A **invasión napoleónica exacerbaba** entre as poboacións dos países invadidos o **sentimento de pertenza a unha nación**.
    - No Congreso de Viena **reorganizouse o mapa europeo** sen ter en conta
      - a **división** de territorios cunha **cultura e unha lingua comúns**
      - a **unión** nun mesmo Estado de **pobos con culturas diferentes**.
    - Isto fixo que algúns pobos **reivindicasen a súa independencia**.
  - A **defensa do liberalismo**.
    - Doutrina política que **rexetaba o absolutismo** e trataba de **recuperar os dereitos e liberdades** recoñecidos na Revolución francesa.
    - Esta ideoloxía sostíña que os **poderes do monarca** debían estar **limitados** por unha **Constitución**, en que se recoñecesen a soberanía nacional e as liberdades individuais.

### 5.2. As revolucións de 1820 e 1830.

- A **primeira onda** revolucionaria iniciouse en España, onde en **1820** o comandante **Riego** se pronunciou **contra a monarquía absoluta de Fernando VII**.
  - Así comezou unha **etapa de goberno liberal** en que o rei tivo que gobernar respectando a Constitución de 1812.
  - Este período **finalizou coa intervención da Santa Alianza**: os seus exércitos invadiron España e **restauraron o absolutismo**.
- En **1821**, os **gregos subleváronse** contra o **Imperio otomán** e lograron a súa **independencia** en 1829.
- En **1830** produciuse a **segunda onda** revolucionaria. Empezou en **Francia**, onde **Carlos X**, que trataba de gobernar de forma absoluta, foi **derrocado**.
  - Sucedeuno **Luís Filipe de Orleans**, que implantou unha **monarquía de tipo liberal**.
- En Bruxelas produciuse un levantamento contra o rei dos Países Baixos, que desembocou na **independencia de Bélxica** en **1831**.
- Noutros lugares, en cambio, as **revolucións fracasaron**.
  - En 1831, **Polonia** levantouse **contra o Imperio ruso**, pero a sublevación foi **reprimida moi duramente**.
  - As revoltas que se produciron nalgúns **Estados italianos**, como Parma, Módena e os Estados Pontificios, tamén **fracasaron**.

### 5.3. As revolucións de 1848

- As revolucións de 1848 afectaron a **numerosos países**.
  - Nelas, ademais dos **ideais liberais e nacionalistas**, tiveron **importancia as demandas sociais** das clases populares.
  - Ademais, nalgúns lugares tamén tiveron un **compoñente democrático**, xa que se reivindicou o **sufrexio universal masculino**.
- A crise estalou en **Francia** en febreiro de **1848**.
  - Derrubouse a monarquía de **Luís Filipe de Orleans**, cada vez máis **conservadora e corrupta**, e proclamouse a **Segunda República**.
  - Elaborouse a **Constitución de 1848**, **moi moderada**, e convocáronse eleccións, nas cales triunfou **Luís Napoleón Bonaparte**, que se converteu no **presidente da República**.

- Non obstante, o seu goberno fíxose **cada vez máis autoritario**, ata que, finalmente, deu un **golpe de Estado** e proclamou o **Segundo Imperio en 1852**.
- A **revolución estendeuse** polas principais cidades do centro e sur de Europa, onde **se esixiron Constitucións e o respecto das liberdades individuais**.
  - Non obstante, **as revolucións fracasaron**, pois as Constitucións concedidas en moitos Estados foron abolidas.
  - A pesar diso, **supuxeron un avance do liberalismo**, xa que nalgúns países se ampliou o dereito ao voto, por exemplo, en Francia, onde se mantivo o sufraxio universal masculino.

### 13. AS REVOLUCIÓNS DE 1820, 1830 E 1848



## Nación e nacionalismo.

### 6. Os movementos nacionalistas

- A creación dos **Estados nacionais** foi un **proceso lento** que comezou na época das revolucións liberais.
- No século XIX, o **termo nación** adquiriu unha **dimensión política** e empezouse a reivindicar que as fronteiras dos Estados **coincidisen** coas fronteiras relixiosas, étnicas, lingüísticas, etc.
- Así nacía a **ideoloxía nacionalista**. Dous tipos:
  - **Nacionalismos disgregadores**, pois reclamaban a **independencia** de nacionalidades diferentes englobadas en grandes imperios, como o **austrohúngaro ou o otomán**.
    - O primeiro resistiu durante o século XIX, pero
    - O Imperio otomán foi fragmentándose lentamente.
      - Primeiro independizouse **Grecia** (1829) e a esta
      - Seguiron sucesivamente Serbia, Romanía, Montenegro, Bulgaria e Albania.
    - En 1830, **Bélxica** separouse dos Países Baixos e converteuse nun Estado independente un ano despois, en 1831.
  - Movementos **nacionalistas unificadores** que deron lugar á **integración** de poboacións divididas.
    - Este foi o caso de **Italia e Alemaña**.

## 7. A unificación italiana

- A península itálica estaba **dividida en diversos Estados**, algúns deles baixo a **dominación estranxeira**: O reino lombardo-véneto estaba baixo o dominio austríaco.
- Pero a existencia dunha lingua e dunha historia comúns forxaron un **sentimento de unidade** entre os italianos.
- O proceso de **unificación foi liderado** polo reino de Piamonte e os artífices da unidade foron o rei de Piamonte, **Vítor Manuel II**, o seu primeiro ministro, **Cavour**, e o revolucionario **Garibaldi**.
- A unificación iniciouse en **1859** e atravesou varias fases:
  - **1859.**
    - Cavour logrou que **Francia apoiase as demandas italianas** fronte aos austríacos a cambio de que Piamonte lle **cedese Saboia e Niza**.
    - En **1859**, o exército franco-piemontés derrotou aos austríacos, que entregaron **Lombardía a Piamonte**.
  - **1860-1861.**
    - O sur de Italia vinculouse a Piamonte tras a expedición dos “**camisas vermellas**” de Garibaldi, que se apoderaron de **Nápoles e Sicilia**.
    - En **1861**, reuniuse en Turín o primeiro parlamento italiano. **Vítor Manuel II foi proclamado rei**. (de Italia).
  - **1866.**
    - Piamonte **apoiou a Prusia** na súa guerra contra Austria, e a cambio **anexionou Venecia**.
  - **1870.**
    - Os piemonteses **aproveitaron a retirada dos franceses** pola guerra franco-prusiana para **ocupar Roma**.
    - O **papa non recoñeceu esta ocupación**, pero a cidade converteuse na capital de Italia.

17. ITALIA ANTES DA UNIFICACIÓN



18. FASES DA UNIFICACIÓN DE ITALIA



## 8. A unificación de Alemaña.

### 8.1. Alemaña antes da unificación.

- En **1815**, o territorio alemán estaba dividido en **39 Estados**.
- O Congreso de Viena **agrupounos** na denominada **Confederación Xermánica**, que estaba presidida por Austria.
- Como en Italia, o Estado máis poderoso converteuse no **eixe da unificación**.
- Foi o caso de **Prusia**, que en **1834** organizou unha **unión aduaneira sen Austria**.
- O avance do nacionalismo quedou patente na **revolución de 1848**, cando un **Parlamento** reunido na cidade de Frankfurt ofreceu a **coroa dunha Alemaña unificada** ao rei de Prusia.
  - Este, non obstante, **rexeitouna**.
- A partir de **1862**, **Guillermo I**, rei de Prusia, e o seu primeiro ministro **Bismarck**, aceleraron o proceso de unificación pola vía militar.

## 8.2. As fases da unificación.

- A unión de Alemaña desenvolveuse en poucos anos. Podemos distinguir **tres fases**:
  - **Primeira fase, 1864.**
    - Un problema sucesorio en **dous ducados baixo a autoridade de Dinamarca**, pero con maioría de poboación alemá, permitiu a **Prusia invadir e anexionar** estes territorios en 1864.
  - **Segunda fase, 1866-1869.**
    - **Prusia enfrontouse a Austria**, o outro grande Estado alemán.
    - Aproveitando que Austria estaba inmersa na rebelión dos Estados italianos baixo o seu dominio, **Bismarck promoveu a invasión do ducado austríaco de Holstein** por Prusia.
    - A **derrota austríaca** na batalla de Sadowa en 1866 fixo realidade a anexión e a **creación da Confederación da Alemaña do Norte**.
  - **Terceira fase, 1870-1871.**
    - Bismarck asinou unha **alianza militar cos Estados alemáns do sur**.
    - **Francia opoñíase** á súa anexión a Prusia, pois unha **Alemaña unificada sería perigosa** para ela.
    - Para lograr a anexión dos Estados do sur de Alemaña, Bismarck provocou o **estalido dunha guerra con Francia**,
      - O emperador francés **Napoleón III foi derrotado** polos prusianos na batalla de Sedán en 1870 e rendeu en 1871.
      - Como consecuencia da derrota, ese mesmo ano **Francia tivo que ceder a Alemaña os territorios de Alsacia e Lorena**.
    - **Os Estados do sur uníronse ao resto de Alemaña.**
- A unificación dos territorios alemáns desembocou en **1871 na proclamación** do Segundo Imperio alemán ou **Segundo Reich**, e Guillerme I foi coroado emperador.
- O **novo país**, rexido polo **chanceler Bismarck**:
  - experimentou un **notable crecemento económico** e un **gran desenvolvemento** da súa capacidade militar.
  - converteuse nunha das **principais potencias europeas** ata a Primeira Guerra Mundial.



### PRESTA ATENCIÓN

A palabra *Reich* significa «imperio» en alemán. O Primeiro Reich foi o Sacro Imperio Romano Xermánico. Creouse no século X e sobreviviu ata comezos da Idade Contemporánea. O Segundo Reich estendeuse desde 1871 ata 1918 e o Terceiro Reich, entre 1933 e 1945.

19. A UNIFICACIÓN DE ALEMAÑA



### TEXTOS HISTÓRICOS FUNDAMENTAIS

#### A nación alemá

[...] Os límites [...] verdadeiramente naturais do Estado son os seus límites internos. Todos os que falan un mesmo idioma [...] atópanse unidos entre si desde o principio por un cúmulo de lazos invisibles, porque poden comprenderse uns a outros [...]. Deses límites internos [...] orixínanse despois os límites ou fronteiras materiais, de modo que os homes non forman unha nación porque vivan neste ou noutro lado dunha cadea de montañas ou dun río, senón que viven xuntos [...] porque primitivamente, e en virtude das leis naturais [...], formaban xa un pobo.

Así, a nación alemá, grazas a posuír un idioma e unha maneira de pensar comúns, atopábase suficientemente unida e distinguíase con claridade dos demais pobos na vella Europa [...].

J. G. FICHTE, *Discursos á nación alemá*, 1807